

Comentarios subidos ao blog do IES Sánchez Cantón no curso 2012-2013

O club da calceta

Seis mulleres moi diferentes entre si acoden a clases de calceta. Inspiradas na figura liberadora da tía Davina, Matilde, Anxos, Rebeca, Elvira, Luz e Fernanda que van facendo que participen na súa historia dende un multiperspectivismo que desfai os fíos dunha sociedade machista. A través dun espazo tan tradicionalmente feminino como é propiamente dito, a calceta, María Reimóndez, voz destas mulleres que, dende as súas diferenzas, consegue encontrar na unión, a forza necesaria para sobreporse a un presente que as nega ou menospreza. Destaca valores como o feito de que unha muller só sirva para facer a comida, ou que so se lle queira polo seu físico ou tan so polo rexeitamento de ter unha minusvalía que impide, neste caso, que Fernanda non poda subir ao autobús ou nin coidar a uns rapaces. O que máis me gustou deste libro é o seu tema principal, porque reflicte perfectamente con casos particulares como realmente a muller a pesar de todo segue vivindo nun mundo no que parece que o que xoga un papel fundamental na sociedade é simple e plenamente a figura do home, e como nestas historias, a muller non tira a toalla, loita e vence mediante o diálogo e o razoamento esa dificultade, o problema que lle impide crecer, desenvolverse dentro dun mundo que é de todos por igual. Móstrase polo tanto, como a sociedade cambiou pero non de todo, nin tan sequera a metade, o que pasa e que nunca vemos máis alá, pero fóra dos exemplos expostos por María Raimóndez, fóra do lugar no que vivimos, fóra da nosa cultura, hai moitas outras culturas que o machismo é a base da súa forma de vida. **(Paula)**

"O club da calceta" é unha novela escrita por María Reimóndez. Trata de seis mulleres Matilde, Anxos, Rebeca, Elvira, Luz e Fernanda que acoden a clases de calceta para evadirse dos seus problemas. O libro presenta unha sociedade machista, na que elas nas súas reunións tratan de desfacela xa que, unha muller non só serve para atender as cousas da casa ou os fillos, nin teñen menos dereito para conseguir un bo traballo polos seus estudos e non polo seu físico. Reúnense para comentar os seus problemas e axudarse entre elas, porque saben que unha muller é a única capaz de entender as outras mulleres; narran problemas cos seus homes, co traballo, como queren cambiar ... É un libro moi interesante que llo recomendaría sobre todo aos homes para que eles se deran conta de cómo o machismo afecta as mulleres. O peor de todo é que o machismo non desapareceu aínda non actualidade, nuns países afecta máis que en outros pero sigue presente, e iso é algo que se debería cambiar definitivamente. **(Silvia)**

Seis mulleres de distinta condición social pero con ideoloxías semellantes conforman o club da calceta, un espazo íntimo que vai converténdose no lugar de reflexión dos problemas e observacións das protagonistas. Esta novela, da autoría de María Réimondez, é unha crítica á sociedade actual, que aínda arrastra valores machistas da antigüidade que non puideron ser erradicados. A trama comeza coa presentación das mulleres protagonistas, e vai desenvolvéndose en torno ao día a día de cada unha de elas. Durante o transcurso da historia, vai presentando os problemas que cada unha de elas sofre. De entre eles, destacaría a Matilde, unha muller submisiva ás ordes do seu marido, que non fai máis que menosprezala e insultala. Ela está afeita a ese tipo de vida, polo que non reacciona. Sen embargo, Davinia (unha figura que será clave no fío da historia, pois sendo familiar de Matilde, representa á figura liberal feminina, pola que se van guiar as 6 mulleres) anima a Matilde a levar unha vida moito máis autoritaria e independente. Unha figura totalmente oposta a Matilde é Anxos, que se presenta no libro coma unha muller que defende os seus dereitos como tal, e á que non lle importa que a súa voz feminista sexa escoitada. Referencia disto é unha frase que a autora menciona no libro e posta en boca desta muller, que di: "Ás mulleres tómannos como tolas por seren loitadoras e querer ter voz propia". Podemos apreciar pois, a diverxencia e contraste do comportamento delas. A pesar diso, cando se reúnen, todas están de acordo en que teñen que facer cambios na súa vida para que outras mulleres poidan tomar exemplo. Chamoume a atención un dato tan sorprendente coma certo que aporta a autora no libro, que di que actualmente hai máis mulleres novas machistas que vellas. Isto é probablemente porque mulleres como Davinia, deixáronnos o camiño aberto, por iso non debemos esquecer que loitar pola igualdade non é tarefa doada, e que hai que traballar por conseguila a diario. Unha boa forma de aprendizaxe é a que Reimóndez exemplifica no libro; un lugar onde as mulleres poidan xuntarse e falar e discutir sobre os seus modos de vida, tratando de entre todas e todos cambiar os pequenos detalles que fan que o sexo feminino, nunha sociedade tan desenrolada como é a nosa, aínda sexa usado coma obxecto de publicidade ou menosprezo. Recomendolle o libro a calquera persoa. Nunca

está de máis lembrar que hai que coidar dos valores que conforman a nosa sociedade, para conseguir entre todos un mundo mellor. **(Laura)**

O libro "O club da calceta" cóntanos a vida de seis mulleres moi diferentes entre si e de variadas idades, pero que teñen algo en común: loitar contra a sociedade machista na que vivimos e converter o mundo nun lugar mellor. Todas elas entran en contacto ao apuntarse a clases de calceta, e co paso do tempo comezan a expoñer os seus problemas e a axudarse mutuamente. Gustoume bastante esta novela de María Reimóndez, non é complicada nin longa, e ten un vocabulario sinxelo. A obra divídese en varios capítulos, cada un adicado a cada unha das mulleres protagonistas (Matilde, Anxos, Rebeca, Elvira, Luz e Fernanda), e así vamos descubrindo a súa maneira de ser, a súa rutina, as diversas preocupacións... Unha das que máis me gustou foi Rebeca, debido a que é das de menor idade. Esta cóntanos as súas dificultades á hora de atopar traballo, os problemas con certas "amigas", a decisión de independizarse e ir a vivir soa, etc. Outro aspecto positivo é que o final foi feliz para todas, xa que melloraron a súa vida e loitaron contra as situacións de inxustiza que estaban vivindo. Sen embargo, os casos de machismo na realidade non soen acabar así, e na maior parte dos casos teñen un final incluso trágico. En xeral, recomendaríalle "O club da calceta" a calquera persoa, xa que nos fai ver a nosa sociedade doutra maneira e fainos reflexionar sobre cousas que nas que non reparamos normalmente. **(Marta)**

O libro "o club da calceta" escrito por María Reimóndez cóntanos a historia de seis mulleres moi diferentes. Cada capítulo está dedicado á vida de cada unha destas mulleres, todas moi diferentes tanto en idade, Elvira xa está xubilada e Rebeca debe de ter sobre uns 25, como en nivel cultural, Matilde non ten estudos e Rebeca ten licenciatura. O fío que une a obra son unhas clases que se dan na asociación veciñal de calceta. O libro está moi ben escrito aínda que as veces é un pouco espeso e tarda demasiado en meterte na trama. Eu penso que os personaxes mellor creados son Anxos e Luz, son mulleres moi distintas, Anxos traballa na universidade e dedicou toda a súa vida a loitar a favor da igualdade de xénero, no outro extremo temos a Luz que ao comezo do libro empeza como prostituta máis acaba loitando contra esa realidade súa. Quizais o punto en común que ten as dúas é que no pasado no chegaron a ser moi escépticas respecto ao mundo. É un libro normal, non resultoume moi divertido pois non é do tipo de libros que a min gústame. Causoume unha actitude neutra e tampouco podo recomendarlle a ninguén lelo. **(Juan)**

"O club da calceta" xunta na súa trama a seis mulleres as cales representan as diferentes caras do patriarcado existentes nas sociedades capitalistas. O patriarcado, o dominio social e cultural do sexo masculino tradúcese na prostitución, máximo exemplo de como patriarcado e explotación conflúen; no sexismo, entendemento da muller coma un obxecto; na anulación ou negación da muller como suxeito activo; na relixión, coercitiva, discriminadora e fortemente machista; na insatisfacción provocada por un modelo cultural opresivo e na violencia machista. Este libro é un bo acercamento ao feminismo e aos problemas das sociedades patriarcais, abordando o tema dende unha óptica moderna, entretida e verosímil. É por iso que recomendo amplamente o libro e animo a xente pouco metida na cuestión a lelo. **(Mariño)**